

CONCURSO

RADIO

AS FORCADAS

- CORME NAS ONDAS -

ESTÁ SEN LOGO !!!

Fai un debuxo relacionado
co nome da radio e con Corme.

Tes ata 8 MAIO

*BASES DO CONCURSO NA WEB
(CEIP AS FORCADAS)



CONCURSO DISEÑA O LOGO DE RADIO AS FORCADAS

O CEIP AS FORCADAS convoca o concurso do Diseño do Logotipo que identifique dun modo sinxelo e inequívoco a imaxe da Radio Escolar do colexio chamada “**RADIO AS FORCADAS**” e que ten como slogan “**CORME NAS ONDAS**”. A radio do centro ten como obxectivo fomentar o uso da Radio Escolar para potenciar a expresión e comprensión oral, entre outras capacidades.

Desta maneira, preténdese fomentar a creatividade e a participación de todo o alumnado participante.

BASES DO CONCURSO:

1. Obxectivo.

O diseño dun logotipo destinado a ser a imaxe representativa da Radio do centro educativo, en toda a difusión de información ou publicidade sobre o mesmo, a través da súa páxina web, aula virtual, redes sociais, documentos oficiais ou calquera outro medio.

2. Temática.

O logotipo deberá simbolizar ao menos un dos seguinte elementos:

- A condición de Radio Escolar.
- A condición de Centro Educativo.
- A natureza do entorno onde nos atopamos.
- Calquera outro aspecto relacionado co Centro.

3. Aspectos valorables.

- Na elección do logotipo valorarase que sexa:
- Orixinal e creativo.
- Único, singular e identificativo do Centro Educativo.
- Reproducible en calquera tipo de material.
- Distinguible tanto en positivo como en negativo.

4. Participantes.

Poderán participar no concurso todo o alumnado do centro CEIP As Forcadas. Cada concursante poderá presentar máis dun deseño de maneira individual, ata un máximo de 3 deseños por alumno/a.

A actividade desenvolverase na aula de cada curso do centro.

5. Proposta.

A técnica será libre do debuxo en papel ou cartolina de tamaño que non exceda un A4. O deseño será orixinal e inédito pero debe reflectir unha idea e un deseño claros.

Debe recoller o nome do autor/a e o curso.

O centro resérvase o dereito da adaptación do logotipo gañador segundo as necesidades de uso do mesmo en cor, forma e tamaño, para adaptalos con éxito aos diferentes soportes.

6. Prazo e lugar de presentación.

Ata o 8 de maio no propio centro educativo.

7. Xurado.

O Xurado encargado de valorar as propostas estará formado polos docentes do centro educativo, axudados polas persoas competentes para tal actividade que estes consideren oportuno.

O xurado valorará o esforzo, a orixinalidade e a adecuación do traballo como identificador da Radio do Centro, para escoller unha única proposta gañadora tendo en conta as bases do concurso.

No caso de que ningunha proposta sexa escollida por decidir o xurado que non cumpran cos criterios establecidos ou se adecúe ao que se busca, o xurado terá a potestade de establecer outra maneira de escoller o logotipo representativo da radio.

Tamén poderá modificarse o logotipo gañador, sempre que o autor/a sexa informado/a e dea o seu consentimento.

8. Premios e recoñecementos.

O gañador/a recibirá unha mención especial na páxina web do centro, terá un pequeno homenaxe de agradecemento e recibirá un agasallo.

9. Interpretación das Bases.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases e das decisións do xurado nomeado, que terá igualmente a capacidade de interpretarlas.

10. Información Adicional.

Para solicitar información adicional ou aclaración de dúbidas. Pódense dirixir ao profesorado do centro.